

# O NOVO SMI EN 2019

## CONSIDERACIÓNS

A partir de xaneiro de 2019 o SMI incrementase nun 22,3% e pasa a ser de 30 € día e 900 € mes para a xornada completa en 14 pagas.

Se as pagas extraordinarias están prorrateadas, o SMI mensual será de 900 € + 150 € (prorrata da parte proporcional)

Para determinar se o nosos salario está por enriba ou por debaixo do SMI, o relevante é o salario anual; é dicir 12.600 € anuais.

Se a xornada é parcial cobrarase a parte proporcional.

## QUE CONCEPTOS SALARIAIS SE INCLUEN PARA CALCULAR O SMI

Aqui enfrontámonos a unha dobre interpretación: a que parece deducirse do Real Decreto-ley 28/2018, de 28 de decembro e a que sostemos CCOO.

Segundo Artigo 13.2 do RD 28/2018

1. Consideraranse habilitadas legalmente as regras de afectación establecidas no real decreto que fixe anualmente o salario mínimo interprofesional en relación co incremento da súa contía ás normas non estatais e contratos e pactos de natureza privada vixentes á súa entrada en vigor.

2. O disposto no apartado anterior enténdese sen prexuízo de que deban ser modificados os salarios establecidos en contratos ou pactos de natureza privada inferiores no seu conxunto e en cómputo anual ás contías do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento na contía necesaria para asegurar a percepción das devanditas contías, sendo de aplicación as regras sobre compensación e absorción que se establecen nos reais decretos polos que anualmente se fixa o salario mínimo.

Segundo o RD inclúense

- Salario Base.
- Complementos salariais en metálico.

## POSICIÓN DE CCOO

**CCOO valoramos positivamente o incremento do SMI** que se situa na liña do que nesta organización **vimos esixindo desde hai anos e que deberá chegar aos 14.000€ no 2020.**

Pero entre as obxeccións presentadas, **consideramos que os pluses non deberían incluírse no cálculo.** Ademais iso **vai xerar multitude de situacións inxustas e paradóxicas:** persoas da mesma empresa e coa mesma categoría terán salarios diferentes ou que a que ten menos antigüidade cobre máis ca outra que ten máis; persoas de categoría inferior que pasan a cobrar máis cas dunha categoría superior; persoas que verán como os pluses que perciben (toxicidade, nocturnidade, festividade...) quedan absorbidos e na práctica desaparecen...

### Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar  
CP 15707  
Telf. 981 551 826  
[ensino.stgo@galicia.ccoo.es](mailto:ensino.stgo@galicia.ccoo.es)

### A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar  
CP 15008  
Telf. 981 145 895  
[ensino.coru@galicia.ccoo.es](mailto:ensino.coru@galicia.ccoo.es)

### Ferrol

Rúa María 42-44  
CP 15402  
Telf. 981 369 336  
[scensino.ferrol@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.ferrol@galicia.ccoo.es)

### Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar  
CP 27002  
Telf. 982 221 060  
[scensino.lugo@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.lugo@galicia.ccoo.es)

### Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar  
CP 32300  
Telf. 988 392 256  
[scensino.oure@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.oure@galicia.ccoo.es)

### Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar  
CP 36002  
Telf. 986 866 276  
[scensino.pont@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.pont@galicia.ccoo.es)

### Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán  
CP 36212  
Telf. 986 246 847  
[scensino.vigo@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.vigo@galicia.ccoo.es)

### O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar  
CP 32300  
Telf. 988 392 256  
[scensino.oure@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.oure@galicia.ccoo.es)



## EXEMPLO DE CÁLCULO

*Unha traballadora percibe mensualmente*

- SB: 837,66€
- Trienios: 21,25€/mes
- Complemento de desarrollo profesional 43,54 €/mes.

*Mensualmente esta persoa percibe 902 € mes. Se ten as pagas prorrateadas, o seu salario mensual será de 1052.40 € (900+ 150)*

*Se multiplicamos o seu salario por 14 pagas (ou por 12, se están prorrateadas) o seu salario anual será de 12.628*

***Se se interpreta a cláusula de compensación e absorción que reflicte o RD, habería que realizar a inclusión dos Complementos e pólo tanto o seu salario anual supera en 28 € ao o salario anual establecido no RD. A esta persoa non lle actualizarán o seu salario e seguirá como ata agora.***

***Se como consideramos CCOO, os complementos non se inclúen no cálculo, o salario anual desa persoa sería de 837,66 \*14 = 11.727 €. Como non chega aos 12.600 anuais, debería ser incrementado en 873 € anuais ou 62,34€ mensuais.***

## ESCENARIO DE CONFLICTO

***Esta diferente interpretación vai dar lugar a un proceso de conflito e litixiosidade longos. Mentras tanto haberá que seguir traballando para impor o noso criterio, estar atentos para ver como se vai desenvolvendo a aplicación do RD e ir tomando posicións.***

## ACLARANDO ALGUNHAS DÚBIDAS

***En que me teño que basar para saber se me corresponde que actualicen o meu salario conforme ao novo SMI, nos ingresos mensuais ou nos anuais?***

- Nos anuais.

***A quen se lle ten que aplicar o incremento salarial que establece o SMI?***

- A todas as traballadoras e traballadores –con ou sen convenio- cuxo salario estea por debaixo do SMI.

***Cando se comeza a aplicar o incremento que establece o SMI?***

- Na nómina de xaneiro de 2019. O incremento será automático e non é preciso agardar a que se regule en convenio

***Se non estou de acordo cós incrementos que me aplica a empresa, que teño que facer?***

- Acudir ao sindicato.
- Valorar a situación.
- Se os servizos xurídicos o consideran pertinente, acudir á vía xudicial.

# O NOVO SMI EN 2019